



DECLARACIÓN de Galicia

CALRE 2014

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2014

Introdución

A CALRE fundouse en Oviedo o 7 de outubro de 1997 co obxectivo de outorgar un papel máis influente aos parlamentos rexionais no procedemento legislativo europeo.

Como elementos base de desenvolvemento, a CALRE tivo en conta as relacións do Parlamento Europeo cos parlamentos rexionais, o papel dos parlamentos rexionais nas políticas da Unión Europea e o principio de subsidiariedade.

O Parlamento Europeo desempeña un papel representativo no procedemento legislativo europeo, é colexislador xunto co Consello da Unión Europea, e as políticas europeas interfíren, cada día máis, no ámbito das competencias que corresponden aos parlamentos rexionais.

O principio de subsidiariedade, regulado no artigo 5 do Tratado da Unión Europea, constitúe o principio base da defensa dunha gobernanza de proximidade da Unión Europea e encárgase de asegurar que as decisións tomadas en Europa ser realicen ao nivel máis próximo posible dos cidadáns e do modo máis eficiente, atendendo



as súas necesidades reais de acordo coas especificidades do territorio.

Primeiro. A lexitimidade da construción europea

A CALRE, organización de asembleas rexionais europeas con potestade lexislativa, está dotada de lexitimidade democrática, pois representa directamente os seus cidadáns a nivel europeo.

En particular, a CALRE quere ir máis aló no actual proceso de integración europeo para dotalo dunha maior lexitimidade democrática.

A crise económica que sufriu a Unión Europea durante os últimos anos creou certas dúbidas sobre a lexitimidade democrática da UE, o que se reflectiu nos índices máis baixos de participación nas urnas europeas. O descrédito que sofre Europa ante parte dos cidadáns europeos constitúe a necesidade innegable de incluír os parlamentos rexionais no procedemento de recuperación da súa lexitimidade, xa que estes forman parte do sistema parlamentario europeo e un dos seus labores é o de achegar os cidadáns a Europa e Europa aos seus cidadáns como aliados incondicionais para a construción dunha conciencia europea.

Estas decisións de reforzamento na lexitimidade democrática deben partir da procura, entre todos os entes europeos, das ideas básicas de consenso sobre as que confirmar un proxecto común integrador no que as



institucións da Unión Europea traballen man con man con todos os cidadáns.

Desde a perspectiva das nosas rexións, os parlamentos rexionais con capacidades legislativas somos unha peza chave na promoción da boa gobernanza e a participación dos cidadáns no procedemento democrático encamiñada a mellorar a democracia local e rexional e mais a defensa dos dereitos humanos.

O desenvolvemento dunha boa gobernanza, un marco legislativo de maior calidade en beneficio dos cidadáns, é a nosa responsabilidade e tamén, por suposto, a defensa dos dereitos dos nosos cidadáns.

Segundo. Os retos concretos dos parlamentos rexionais no novo mandato da Unión Europea

1. Aspectos xerais

A CALRE móstrase sensible coas dificultades xeopolíticas actuais e fai un chamamento á reivindicación dos mecanismos negociadores e do dereito internacional para a resolución de conflitos dentro e fóra do noso continente.

A nosa organización foi e segue sendo moi sensible aos problemas globais que preocupan a comunidade internacional e quere ser oída a través das canles institucionais existentes sobre problemas de tanta actualidade como a necesidade de avogar polo desenvolvemento sustentable na Unión Europea que permita unha mellor calidade de vida para os nosos

cidadáns. Para iso, a UE incluíu estratexicamente o desenvolvemento sustentable como prioritario dentro dun amplo abao de políticas. En particular, a UE tomou o liderado na loita contra o cambio climático, así como na promoción dunha economía baixa en emisións de carbono.

Doutra banda, os importantes conflitos xurdidos na Unión con motivo das tensións financeiras consecuencia da crise dos últimos anos fan que a CALRE transmita de forma enérxica o seu apoio ás políticas dos estados membros na loita contra a corrupción e a promoción da transparencia das institucións. Con esta finalidade, a CALRE promoveu e promove o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao servizo da e-democracia para obter unha boa gobernanza eficaz e transparente ao servizo dos cidadáns.

A CALRE cre que os parlamentos rexionais con potestades legislativas deben participar tanto *ex ante* como *ex post* nos estudos de estabilidade orzamentaria das medidas económicas que cómpre tomar, desde unha perspectiva de avaliación do impacto social e territorial e non estritamente macroeconómico das decisións estruturais adoptadas polas institucións europeas. En particular, débese destacar a necesidade de outorgar un papel claro ás autoridades locais e rexionais no procedemento do semestre europeo e no seguimento da estratexia Europa 2020, dada a necesidade de coordinar e executar accións a todos os niveis de goberno.

Os parlamentos rexionais da Unión Europea con poder legislativo han de terse en conta como garantía

democrática. Como órganos directamente electos representan ante todos os poderes públicos o fortalecemento dos dereitos fundamentais e a consolidación da cultura democrática. As cámaras parlamentarias rexionais, como representantes directas e inmediatas dos cidadáns, son unhas interlocutoras privilexiadas á hora de velar por que o desenvolvemento normativo da Unión Europea sexa respectuoso con principios do dereito europeo; tanto a ausencia de discriminación entre as persoas como outros máis recentes que afectan os retos provenientes do tratamento de datos de carácter persoal e, por último, a delincuencia transfronteiriza e o terrorismo.

Os traballos levados a cabo dentro da CALRE puxeron de manifesto tamén que as rexións europeas e os seus parlamentos son referentes inescusables na política de inmigración da Unión Europea. A pesar de se tratar dunha competencia estatal a nivel europeo, é unha materia que afecta directamente o desenvolvemento gobernativo rexional e local, en particular en temas de integración social e de protección dos dereitos fundamentais daqueles que habitan nese espazo común de dereitos e liberdades que sempre foi Europa. Por iso, os parlamentos da CALRE deben ser oídos no desenvolvemento da política común en materia de inmigración, así como na posta en marcha do paquete legislativo sobre fronteiras intelixentes para o control fronteirizo que está a elaborar a Unión Europea.

2. Os retos decisivos e estratéxicos para o futuro da Unión Europea: a política de apoio ao crecemento, a



mocidade, o emprego, a igualdade de oportunidades e a igualdade de xénero.

A CALRE cre que o reto máis importante para a UE no futuro próximo é a capacidade para xerar crecemento, emprego e cohesión.

A CALRE expresa a súa preocupación sobre a situación crítica que está a afectar Europa. Con máis de 26 millóns de desempregados e un cuarto da poboación en risco de pobreza e exclusión social, a Unión Europea debe implementar políticas e utilizar instrumentos que permitan volver a niveis aceptables de crecemento. Neste proceso, é necesario que os parlamentos rexionais tomen parte no desenvolvemento e definición das políticas de cohesión, crecemento e desenvolvemento, centrándose no emprego, especialmente nas xeracións máis novas.

A CALRE fai un chamamento para o reforzo de medidas que permitan o desenvolvemento e recuperación na Unión Europea, tamén en vista das desigualdades sociais nos países da Unión Europea. Así mesmo, a CALRE reclama un uso efectivo dos fondos europeo durante o período de programación 2014-2020.

A CALRE expresa a súa preocupación sobre a situación que viven na actualidade os mozos en Europa e resalta a necesidade de mellorar as súas habilidades educativas e formación profesional. A iniciativa en apoio do emprego dos mozos e a adopción dunha garantía para os mozos da Unión Europea debe prover



os mozos en Europa do acceso a empregos de calidade, educación e formación continua para loitar contra o desemprego e mellorar a transición da escola ao traballo. Os parlamentos rexionais deben implicarse na planificación e seguimento destas políticas da UE.

Os parlamentos que integramos a CALRE defendemos a aplicación da Estratexia para a igualdade entre mulleres e homes 2010-2015. Cremos nas prioridades definidas na Carta da muller co convencemento de que, ademais, a acción externa da Unión Europea nesta materia permitirá o desenvolvemento de sociedades integradoras e democráticas. Estas prioridades son o logro de:

- a) **A independencia económica**, que debe alcanzarse especialmente loitando contra a discriminación, os estereotipos en materia de educación, a segregación no mercado laboral, o emprego precario, o traballo a tempo parcial involuntario e a distribución asimétrica das cargas familiares entre homes e mulleres.
- b) **A igualdade no salario** de homes e mulleres
- c) **A representación das mulleres na toma de decisións e nos postos de responsabilidade**, ámbitos nos que seguen estando infrarrepresentadas respecto dos homes, tanto no sector público como no privado.
- d) O respecto da **dignidade e integridade das mulleres**, así como a **erradicación da violencia de xénero**, incluídos os costumes e tradicións vexatorios para a muller que atentan contra os dereitos humanos.



Os parlamentos rexionais desexan e deben participar na fase de planificación e desenvolvemento das prioridades políticas relevantes e teñen a intención de traballar en sinerxía no seu seguimento e avaliación.

Terceiro. A dinámica institucional na construción europea. Os parlamentos rexionais na Unión Europea

A Comisión Europea recoñeceu a importancia da súa relación cos parlamentos nacionais como forma de aproximar a Unión aos seus cidadáns. Esta meta resulta moi loable, mais necesita, para unha correcta aplicación do principio de subsidiariedade –garantía dunha execución eficaz das iniciativas lexislativas europeas nos seus territorios–, ter en conta inescusablemente os parlamentos rexionais con potestades lexislativas, se os obxectivos queren lograrse de forma efectiva.

Neste contexto, é necesario garantir que as asembleas rexionais con poder lexislativo poidan traballar a nivel europeo no fortalecemento do control e análise para asegurar o respecto do principio de subsidiariedade por parte das institucións da UE, así como explorar posibilidades para unha execución mellor e máis eficaz noutros procesos a nivel europeo. Como garantía do respecto deste principio, a CALRE ha de manter unha estreita relación interinstitucional a nivel europeo que lle permita defender a idea de Europa, a toma en consideración das entidades subestatais no procedemento lexislativo da UE e dotar así a UE dunha maior lexitimidade democrática. Con este fin, a CALRE acolle con satisfacción a proposta dos presidentes de 29 comisións de asuntos europeos de crear un grupo de



traballo coa Comisión Europea para desenvolver un plan de acción común e pide unha adecuada participación dos parlamentos rexionais con competencias legislativas en todo o proceso.

O traballo da CALRE e dos seus membros a nivel europeo promove o interparlamentarismo rexional a unha escala supranacional, favorece o intercambio de información e de boas prácticas. O traballo en rede favorece tamén a súa representatividade a nivel europeo, outorgándolles unha maior presenza nas institucións europeas, especialmente no Comité das Rexións, órgano representativo das autoridades locais e rexionais da UE, para a promoción dunha maior participación cidadá e o desenvolvemento dunha maior calidade democrática no proxecto de integración europeo.

A gobernanza multinivel require que as institucións europeas, os estados membros e os entes rexionais e locais cooperen de forma funcional e institucionalizada, tanto na elaboración como na posta en práctica das políticas da Unión Europea.

Os parlamentos rexionais e a CALRE preséntanse unha vez máis como o nivel máis próximo posible aos cidadáns e, por tanto, máis eficaz para a procura de solucións políticas que atendan as súas necesidades reais. Por esta razón, a CALRE promove a través dos parlamentos rexionais unha información máis detallada das políticas da UE aos cidadáns para implicalos máis no procedemento legislativo europeo.

O obxectivo é o de alcanzar unha maior eficiencia legislativa baixo o respecto do principio de subsidiariedade e proporcionalidade. Para iso deben desenvolverse modelos innovadores baseados na cooperación efectiva entre os diferentes niveis de goberno cun enfoque que vai desde o nivel superior de goberno ata o inferior (enfoque “Top down”) dun modo transparente e democrático.

Como recoñeceu a Comisión Europea neste inicio de mandato de 2014, a xerarquización de prioridades políticas como base dunha Unión mellor e con obxectivos máis claros só pode funcionar se procede dunha asociación entre as institucións europeas e os estados membros. Aquí, o papel da CALRE preséntase de novo como insubstituíble, posto que todos os Estados membros da Unión que contan con parlamentos territoriais con potestades legislativas os recoñecen como pezas esenciais para a fixación da súa axenda política e, por tanto, como axentes imprescindibles no desenvolvemento do proxecto europeo.

Desde este punto de vista, a CALRE terá que mellorar varias experiencias a nivel europeo sobre a relación cos parlamentos nacionais e as asembleas legislativas europeas durante a participación no desenvolvemento das políticas europeas, de maneira que se converta nunha plataforma común que permita compartir esas prácticas que son útiles para manter a actividade dos distintos parlamentos rexionais dotados de diferentes poderes institucionais, pero de igual importancia. Por tanto, a CALRE terá que fortalecer e fomentar o diálogo político co Parlamento Europeo, mellorar a disposición da Comisión Europea para escoitar, tamén



a través da implicación da CALRE na fase europea prelexislativa. Sobre todo, a CALRE ten que intensificar a súa cooperación co Comité das Rexións, o cal, xunto coa CALRE e cun diálogo directo coas institucións europeas, pode dirixir posicións fortes, cribles e eficaces en apoio dunha política rexional europea eficaz.

Cuarto. Estratexias europeas e o futuro de Europa

En particular, no 2014 aprobouse o marco orzamentario da UE para o período 2014-2020, o cal define as prioridades de gasto que se orientan cara ao crecemento sustentable, o emprego e a competitividade, en consonancia coa estratexia de crecemento da UE «Europa 2020».

Para reforzar as perspectivas de recuperación do crecemento e o emprego, a CALRE ve na revisión intermedia da Estratexia Europa 2020 unha importante oportunidade que non debe perderse para repensar sobre a gobernanza actual e para corrixir os seus defectos na previsión e obxectivos para reforzar o potencial da política de cohesión, incrementando e ampliando os beneficios políticos e financeiros da integración europea (e consecuentemente a súa sustentabilidade) para todos os estados membros sen distinción.

Ao tratarse dun programa financeiro no que a UE desenvolve as súas políticas económicas cada sete anos, a CALRE está especialmente sensibilizada co seu

papel en relación coa revisión intermedia do marco financeiro plurianual que está prevista para finais de 2016. As rexións europeas queren, respectando o marco de estabilidade e crecemento, posibilitar o logro dos necesarios axustes nese documento para que a súa aplicación se poida adaptar ás necesidades específicas dos cidadáns das diferentes rexións da Unión Europea.

Así mesmo, da avaliación intermedia de Europa 2020 despréndese a importancia da gobernanza multinivel. Europa 2020 é a estratexia de crecemento da Unión Europea para a próxima década e ten por obxectivo transformar a UE cara a unha comunidade intelixente, sustentable e inclusiva para o ano 2020. Na devandita avaliación destácase a súa falta de territorialización, que permita alcanzar os obxectivos fixados. Esta falta de territorialización implica un afastamento dos cidadáns e, por tanto, unha escasa atención ás súas necesidades reais repercute sobre os resultados fixados. En conclusión, é necesario coordinar e executar as diferentes accións a todos os niveis de goberno, incluíndo as autoridades locais e rexionais, para obter unha estratexia de éxito e o desenvolvemento dunha boa gobernanza en Europa.

Quinto. O impulso da CALRE

O papel futuro da CALRE debe seguir varias liñas de traballo. Por unha banda, reforzar a súa implicación no control do principio de subsidiariedade, demandando

de forma permanente a significación dos parlamentos rexionais con potestades lexislativas e implicándose cada vez máis nos traballos do Comité das Rexións como ente representativo das autoridades locais e rexionais a nivel europeo. Esta necesidade tamén se ve reflectida no sexto informe sobre cohesión económica, social e territorial da Comisión Europea.

Como asociación de parlamentos, a CALRE non pode descoidar en ningún momento o papel esencial que representa no reforzamento democrático do proxecto de integración europeo.

A Unión Europea describe a democracia como un proceso continuo "que se desenvolve desde dentro e que implica a todos os sectores da sociedade e a un conxunto de institucións que han de garantir a participación, a representación, a capacidade de resposta e a depuración de responsabilidades. Aínda que particularmente difícil e urxente nas democracias emerxentes, a tarefa de construír e manter unha cultura de dereitos humanos e de facer que a democracia funcione para os cidadáns é de feito un reto que non ten fin e que incumbe, ante todo, ao pobo de cada país".

Neste sentido, a CALRE solicita o reforzamento das súas relacións co Parlamento Europeo, que na actualidade representou un importante papel como defensor da consolidación dos sistemas parlamentarios en todo o mundo. Así mesmo, a CALRE solicita o fortalecemento da colaboración cos parlamentos nacionais, incluíndo



o diálogo coa COSAC, a Conferencia dos Comités de Asuntos Europeos dos Parlamentos Nacionais da UE. A CALRE está convencida de que os intercambios de información e de boas prácticas entre os parlamentos a diferentes niveis –europeo, nacional e rexional– favorecen e fortalecen as súas funcións dentro de cada país e contribúen á difusión global dos valores democráticos.

A experiencia da CALRE en canto foro de mellor coñecemento mutuo e intercambio de boas prácticas serviu para integrar tradicións parlamentarias distintas no respecto das distintas culturas e historias nacionais.

A CALRE ten como obxectivo, nun contexto máis amplo que na actualidade, utilizar a súa cooperación e fortalecer cuestións de gran importancia para a asembleas rexionais europeas e apoiarse un ao outro.

Sexto. O Camiño de Santiago na construción de Europa

O Camiño de Santiago, primeiro itinerario cultural de Europa, é unha das grandes riquezas comúns a todos os europeos. Patrimonio cultural e moral de Occidente e de toda a humanidade, esta ruta milenaria foi transitada por millóns de persoas desde a Idade Media ata a actualidade.

Os primeiros peregrinos non eran conscientes na súa trasfega de que ao intercambiaren linguas, música, arte, noticias e ideas, tanto entre eles como cos



habitantes dos pobos da Ruta xacobeana, estaban a poñer os alicerces na construción dunha identidade europea cuxa primeira mostra se fraguou nunha concepción común da arte que aínda pode recoñecerse nas numerosas igrexas e catedrais de toda Europa. No século X a peregrinación a Compostela era un feito consolidado na cristiandade que, firmemente desenvolvida ao longo dos séculos, alcanzou un novo esplendor que hoxe en día transcende o seu significado meramente relixioso.

O camiño do diálogo, a concordia e o coñecemento mutuo que están na base do feito xacobeo son a esencia tamén do intercambio parlamentario e da permanente negociación que a construción da Unión Europea supón.